

PRIMEIRA FASE**III.1. - Grao persoal consolidado.**

O grao persoal consolidado valorarase en relación co nivel dos postos aos que se opta ata un máximo de 1,90 puntos do seguinte xeito:

- Polo nivel 22 de grao consolidado: 1,50 puntos
- Por cada unidade de nivel que excede do nivel 22: 0,05 puntos

III.2. - Valoración do traballo desenvolvido.

Outorgaranse 0,035 puntos por cada mes de prestación efectiva de servizos (con carácter definitivo, adscrición, comisións de servizos e demais situacións administrativas similares) en postos de traballo adscritos a Asesoría Xurídica:

- Para o posto de Letrado Xurisdiccional, desempeñar funcións de representación e defensa municipal ou do seu persoal ante calquera órgano xurisdiccional
- Para o posto de Letrado Consultivo, desempeñar funcións consultivas, xurídicas de asistencia a mesas de contratación en calidade de asesor xurídico e de verificación de poderes).

Así mesmo, outorgáse a seguinte puntuación, cun máximo de 0,50 puntos, polo exercicio de dereitos de conciliación nos cinco anos anteriores á publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial do Estado:

- Permiso por maternidade: 0,05 puntos por permiso, cun máximo de 0,20 puntos.
- Permiso por paternidade: 0,025 puntos por permiso, cun máximo de 0,10 puntos.
- Redución de xornada do artigo 76. 1º g do Decreto Lexislativo 1/2008 do 13 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública de Galicia: 0,016 puntos por mes de reducción, ata un máximo de 0,20 puntos.
- Excedencia por cuidado de familiares: 0,005 puntos por mes de excedencia ata un máximo de 0,20 puntos.

O máximo da puntuación deste apartado será de 3,5 puntos.

III.3. - Cursos de formación e perfeccionamento.

a) A asistencia a cursos ou actividades de formación e perfeccionamento directamente relacionados coa área de experiencia de cada posto de traballo ao que se opta, e nos que se acha expedido diploma, certificado de asistencia, ou certificación de aproveitamento puntuarase cos seguintes criterios:

Duración do curso	Puntos (I)
0 a 10 horas	0,00